

MOCIÓN DE AER SOBRE ACTUCIÓN NO BORDE LITORAL

PLENO 26 XANEIRO 2012. ACTA 1/2012

Antecedentes

Moción da Agrupación de Electores de Redondela que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**, pra o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente procedeuse a unha presentación pública do proxecto Marisma+ no cal se inclúen diferentes intervencións no litoral redondelán que se encontran afectadas pola competencia doutras administración como Portos ou Costas. Unha desas intervencións refírese ao acondicionamento do bordo litoral de Cesantes e na súa exposición de obxectivos expresa:

“Dentro del Estudio para la Potenciación turística en la ensenada de San Simón de 2010, redactado dentro del programa Marisma, se contempla la posibilidad de establecer rutas que permitan conocer el borde litoral. Los **lugares de interés** contemplados a lo largo de la playa de Cesantes **son el puerto de Cesantes, el astillero hermanos Loureiro, las casetas marineras y los viveros en la Punta do Cabo.**

Un paso importante en la definición de esas rutas sería la *construcción de un paseo marítimo por la costa de Cesantes. La finalidad de los paseos marítimos es, en general, la de facilitar el acceso público al borde litoral de un modo ordenado pero respetuoso con las condiciones naturales, conservar la costa y recuperar el dominio público marítimo-terrestre y defender las áreas litorales de una urbanización excesiva e inadecuada* que pueda hacer peligrar la calidad ambiental y el atractivo turístico. **La principal herramienta es la ley de Costas**, de acuerdo a las **posibilidades de las administraciones de recuperar zonas costeras para el tránsito**. Sin embargo, la tramitación es compleja y conlleva procesos dilatados en el tiempo. Por tanto, se plantea la posibilidad de acometer la construcción de los paseos por tramos, con el fin de que sean atractivos para los usuarios y se consolide una demanda ciudadana que fomente y **apoye su construcción, por encima de los intereses particulares de los que puedan ser directamente afectados en un primer momento.**

No mesmo documento sinala “**Es preceptiva tanto la autorización de la administración competente titular de Costas tanto del Estado como autonómico.**”

Atendendo a estes obxectivos e tendo presente o deterioro urbanístico da zona a pesares da súa integración na rede Natura e contar cunha protección especial, que desde AER solicitamos incrementar e fixar nunha moción anterior. Consideramos urxente que se determine a situación xurídico administrativa de toda a zona litoral desde o porto de Cesantes ata a Punta do Cabo, tanto no referente á servidume de protección como ao deslinde marítimo terrestre.

Atendendo ao establecido na lexislación vixente de carácter estatal e autonómico:

1. DIRECTRICES PARA EL TRATAMIENTO DEL BORDE COSTERO (14 de enero de 2008. EL DIRECTOR GENERAL DE COSTAS José Fernández Pérez.). Sobre todo nos apartados:

2.5. ÁREAS DE PROTECCIÓN LITORAL: CONCEPTO Y CONDICIONES BÁSICAS DE EJECUCIÓN

3. DEL TRATAMIENTO DE ITINERARIOS Y SENDEROS LITORALES

2. Ao establecido na Lei de Costas (Ley 22/1988, de 28 de julio)

3. Reales Decretos 1471/1989 (Reglamento General para el desarrollo y ejecución de la ley 22/1988) Modificado por el RD 1112/1992 de 18 de septiembre.

4. Decreto 158/2005, do 2 de xuño polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre (DOG 6 xuño 2005)

5. Decreto 20/2011 do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

Dende a Agrupación de Electores de Redondela entendemos que procede clarificar a situación urbanística e a súa legalidade en toda a zona, especialmente no que atinxe á zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

SOLICITAR DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS informe sobre a zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre entre o porto de Cesantes e a Punta do Cabo.

Acompañando dita solicitude de todos cantos expedientes urbanísticos se teñan tramitados desde o Concello respecto das construcións e obras existentes na zona así como da cualificación urbanística vixente para dito espazo.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE e 2 do BNG) e un a favor (AER) acordou rexear a moción transcrita.